

Documento 6: Colección de documentos en pergamino. María Rodríguez doa a Catalina Eáns, filla súa e de Juan Rodríguez de Salceda, uns casais en Codeseda para axuda do seu casamento. 1421,marzo, 29. 1 doc. en perg., 185 x 145 mm. Galego, letra gótica cortesá. Sign.:P- 561

Era da naçença de noso señor Ihesu Christo de mill e quatroçentos e binte e hun años, vynte e nove días do mes de março. Sabean todos, como eu María Rodríguez, filla que fuy de Juan Fernández de San Lorenzo e de súa moller, Tareixa Fernández, por min e por toda miña voz dou e doo en doaçon pura para sempre y a vos, Catalyna Eanes, miña filla e de Juan Rodríguez de Salceda, scudero, meu marido, que fuy para ajuda de voso casamento. E os casares de Codeseda, que o dito meu padre e miña madre compraron en na fegresía de Santa María de Leyra, que chaman da voz de María Negra e da voz de Maria Llal e da voz de Martyn Eans, con todas súas casas, casares, e herdades, e chantados e herduras a montes e a fontes, en na freguesía de Santa María de Leira. A qual quiero que ajades e levedes e usedes para sempre. A tal condiçon que se algúns de vosos que yrmaos se chamaren a engapno desta dita doaçon, que vos faço, que ellos que veñan a súa parte desta dita doaçon et vos partades con ellos en todolos outros casares e herdades que eu ey e a min pertencen por los ditos meus padre e madre, Juan Fernández e Tareixa Fernández. Et esto vos dou con a miña byençon, que as levedes e usedes e entredes sen un enbargo, e prometo que nunca contra esta doaçon vaa en juizo, non fara del por min nin por outro por juramento que ende faço aos santos avangeos so penna de mill moravedís que (...) peyte por penna se contra ela pasar. E esta carta fique firme e valla para sempre, et eu a dita Catalyna Eanes asy a reçeby. Testemuñas que foron presentes Pedro Afonso e Pedro Manteyga et Fernan Suares et Nuno Afonso moradores en no Portal (?). E eu Juan Castelaao, notario público jurado de terra de Montaaos por la eglesia de Santiago, esta carta de doaçon fis. Sacadas notas feytas por ante Pedro Rodríguez, notario, meu antecesor, aquí ben e fielmente a fis escribir por poder e actoridade que para elo ey do señor arçebispo de Santiago e poño aquí meu signo en testemuño de verdade que tal he (*Signo*)